

ACTUALIDADE ECOBAS



Prezada comunidade:

Achegámonos ao fin de curso con novidades moi interesantes, coincidindo co comezo desta **nova etapa que inauguramos como Centro Colaborativo da Rede CIGUS**. Trala reunión de benvida hai uns días co Conselleiro de Educación, na que participaron os representantes dos 13 centros de investigación integrantes, ECOBAS intensificará esforzos para o percorrido da senda da excelencia. Así, entre outras novidades:

- ✓ O pasado martes 28 de maio, entre outros acordos, na reunión do **Consello Reitor** do noso Centro foi aprobada a incorporación a este órgano dos reitores da USC, Antonio López; e da UDC, Ricardo Cao, elevando ao máximo nivel a representación interuniversitaria do Centro a través do seu órgano de goberno.
- ✓ Damos a benvida a **Cristina Ille**, investigadora predoutoral que se incorpora ao equipo de Ernesto López Valeiras o vindeiro día 1 de xuño, trala concesión da axuda FPI 2023 correspondente á convocatoria de "Proxectos de Xeración do Coñecemento 2022". Na vindeira newsletter poderemos coñecer un pouquiño máis sobre ela.
- ✓ E anunciamos para este mes de xullo a celebración da primeira edición da **ECOBAS Summer School**. Reservade xa as datas!! Moi pronto ampliaremos información.

>>> OS MEMBROS DA REDE CIGUS ACUDEN Á REUNIÓN DE BENVIDA CO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, ROMÁN RODRÍGUEZ



Con motivo da incorporación de ECOBAS como novo membro da Rede de Centros de Investigación Universitaria de Galicia - Rede CIGUS e en representación da directiva do centro interuniversitario, a directora científica, María Loureiro, participou na reunión de benvida ofrecida polo conselleiro de Educación, Ciencia, FP e Universidades, Román Rodríguez. Ata alí se achegaron representantes dos 13 centros acreditados para o período 2024-2027.

>>> ECOBAS SUMMER SCHOOL: "RIDING THE DID REVOLUTION" SAVE THE DATE!!!

16 e 17
XULLO

O deseño deste curso intensivo que propoñemos para profundizar na ferramenta coñecida como "Difference-in-Differences" (DiD) se asenta en tres piares: comprensión conceptual, avaliación crítica e aplicación práctica. Ao final do curso, o alumnado acadará un sólido coñecemento do deseño de investigación DiD e poderá aplicalo aos seus propios proxectos de investigación. Moi pronto, todos os detalles!!



AXENDA



>>> EN CÓDIGO ABERTO | A SOIDADE NON DESEXADA: IMPACTO SOCIAL E SOLUCIÓNS

MÉRCORES
29/05
19:30 H

O ciclo de conferencias “En Código Aberto” da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**, recibe nesta nova entrega ao vicecoordinador xeral de Cruz Roja Española, Daniel Fernández.



- Formato: **presencial**
- Lugar: Paraninfo do Reitorado da UDC. A Coruña.
- Necesaria **inscrición previa** [aquí](#). 

INDITEX UDC Cátedra Sostibilidade 

>>> XORNADAS TÉCNICAS RED OTRI 2024

30 e 31
MAIO

A UDC acolle os días 30 e 31 de maio estas xornadas que tratarán, entre outros temas, as recomendacións sobre transferencia da Comisión Europea, a aplicación da IA no día a día da transferencia de coñecemento, similitudes e diferenzas co ecosistema de transferencia alemán, casos de éxito e a transferencia e o emprendemento con perspectiva de xénero.

A directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, participará na mesa sobre “Mulleres investigadoras e tecnólogas que analizan a transferencia e o emprendemento”.

- Lugar: Reitoría UDC. Rúa Maestranza, 9 - A CORUÑA
- Horario: de 9:45 h a 19:30 h o xoves 30/05 e de 9:00 a 15:00 h o venres 31/05.
- [Máis información e programa detallado](#)

>>> LECTURA DE TESE: POL FONTANET PÉREZ

LUNS
03/06
11:00 H

“Impacto das políticas públicas nas empresas da aviación comercial: unha análise do COVID-19 e a crise climática”

- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO (Salón de Graos)



>>> ENCONTRO VIRTUAL XUNTA-UE

MARTES
04/06
12:30 H

“A Lei de Restauración da Natureza: unha protección reforzada da biodiversidade europea”

- SESIÓN ONLINE a través de ZOOM
- [INSCRICIÓN PREVIA](#) [aquí](#)
- [Preme aquí](#) para máis información sobre os encontros virtuais Xunta-UE

AXENDA



>>> A CUESTIÓN ENERXÉTICA EN GALICIA: ENTRE ECONOMÍA, TERRITORIO E SOCIEDADE

MÉRCORES
05/06

O modelo de implantación das enerxías renovables en Galicia está a xerar unha forte controversia social. Diversos expertos reflexionarán e debatirán nestas xornadas sobre os impactos económicos, sociais, patrimoniais e ambientais que ten o modelo de transición enerxética que se está apuntalando.



Normada

A cuestión enerxética en Galicia: entre economía, territorio e sociedade

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
5 e 6 de xuño de 2024



O director de ECOBAS, **Xavier Labandeira**, pronunciará a conferencia “Políticas de transición enerxética: aproximación económica”, o día 5 de xuño ás 12:00 horas. Xa pola tarde, ás 16.30 h, a directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, modera a mesa “O modelo enerxético en Galicia I: os seus aspectos socioeconómicos”.

- Organiza: Consello da Cultura Galega (CCG)
- Lugar: Sede do CCG. Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro, s/n. Santiago de Compostela).
- [Descargar programa](#)
- [Inscripción gratuita aquí](#)

>>> XORNADA “OPORTUNIDADES EN PROXECTOS INTERNACIONAIS PARA AS ÁREAS DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

XOVES
06/06
13:00 H

- Organiza: OTRI en colaboración con Campus Innova e a Facultade de Filoloxía da UDC
- Detinatarios: comunidade investigadora das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, así como de aquelas disciplinas transversais ás mesmas
- Lugar: A Coruña. Facultade de Filoloxía da UDC (Salón de Graos).
- Horario: de 11:00 h a 13:30 h (CET)
- Inscripción: vía email a ciencia.excelente.otri@udc.gal
- A xornada será retransmitida en streaming
- [Preme aquí para máis información](#)

AXENDA



>>> ECOBAS TRAINING: CULTURA E ESTRATEXIA RELACIONAL

MÉRCORES

12/06

9:30 A 18:00

No marco de ECOBAS TRAINING, eixo de actuación establecido no Plan Estratéxico para a formación continua do persoal investigador do noso Centro, esta xuntanza porá o énfase na responsabilidade relacional que todas as persoas compartimos dentro da Organización, como produtoras de coñecemento, referentes e tamén, transmisoras de información.



Para dirixir e impartir esta sesión, contaremos **Esther Trujillo**, responsable de IRIS - **Instituto Relacional** International Services, unha das maiores expertas nacionais na materia.

* ASAMBLEA DE MEMBROS ECOBAS *

Finalizada a sesión formativa e despois do xantar, o mesmo día 12 de xuño celebraremos a **Asamblea de persoal ECOBAS**, reunión informativa sobre a nova etapa que afrontamos neste periodo 2024-2027 como Centro Colaborativo CIGUS.



SAVE THE DATE!!

Habilitaremos en breve a inscrición para estas actividades

- **ACTIVIDADE PRESENCIAL**
- **EXCLUSIVA para MEMBROS ECOBAS e persoal PREDOC E POSDOC vinculado**
- Lugar: Santiago de Compostela.
- Mércores 12 de xuño de 9:30 h a 18:00 h

MARTES


18/06

13:00 H

>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON GHASEM ZAEFARIAN, UNIVERSITY OF LEEDS

“UNPACKING WHEN AND HOW CUSTOMER INVOLVEMENT AFFECTS SUPPLIER NEW PRODUCT PERFORMANCE”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- Lugar de impartición: VIGO



**25 a 27
SETEMBRO**

>>> CURSO DE VERÁN | “ECONOMÍA CIRCULAR: HACIA UN MODELO EMPRESARIAL, ECONÓMICO Y SOCIAL”

A Universidad Internacional de Andalucía organiza este curso presencial, aliñado coas políticas europeas derivadas do Pacto Verde Europeo (Green Deal), o Plan de acción da UE para a economía circular (Comisión Europea, 2015) e a Ley 3/2023, de 30 de marzo, de Economía Circular de Andalucía (LECA) e no que participará, entre outras persoas expertas, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas**.

- Datras de celebración: 25 a 27 de setembro de 2024.
- [Click aquí para información sobre matrícula e máis detalles sobre o curso](#)



Universidad
Internacional
de Andalucía

TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO



>>> [LIVING LABS IN EU MISSIONS AND PARTNERSHIPS](#)



As cinco misións da Comisión Europea en Horizonte Europa están a artellarse para ofrecer solucións concretas aos grandes desafíos mundiais críticos: a adaptación ao cambio climático; a loita contra o cancro; a saúde dos océanos mares e augas costeiras e interiores; cidades intelixentes e neutras desde o punto de vista climático; e un acordo sobre o solo para Europa.

[PROXECTO FAIRCLIMATE](#)

Entre as ferramentas que están a gañar posicións pola súa utilidade para o despregamento das misións se atopan os denominados “Living labs”, un enfoque de traballo colaborativo que fortalece a integración entre persoal investigador, cidadanía e grupos de interese.

Nesta liña e co obxectivo de xerar novas ideas, abrir perspectivas e seguir avanzando na construción dunha comunidade comprometida para promover un cambio positivo en toda Europa, o investigador de ECOBAS **Pablo Cabanelas** presenta o 30 de maio en Bruxelas o proxecto [FairClimate](#), Moving ForwARd to achieving CLIMATE -resilient and sustainable European regional economic system.

>>> [O ÍNDICE DE RESILIENCIA OPERATIVA, MODELO PARA A MITICULTURA DA RÍA DE AROUSA](#)



TransformAr

Gañar eficiencia e sostibilidade como vectores para a adaptación do sector do mexilón e o marisqueo ao cambio climático son os obxectivos que prevé cubrir o Índice de Resiliencia Operativa, un novo sistema de monitorización en tempo real que permitirá acadar unha notable mellora na xestión do cultivo e a produción do mexilón na Ría de Arousa.

Este modelo de traballo é o resultado da colaboración entre a investigación científica e o propio sector, que vén traballando man a man no marco do proxecto H2020 [TransformAr](#).

O evento de presentación deste índice, ao que acudiu o Conselleiro do Mar, Alfonso Villares, tivo lugar no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa e contou coa participación de persoal técnico do [Instituto de Investigacións Mariñas \(IIM-CSIC\)](#), o [Centro Tecnolóxico do Mar \(CETMAR\)](#) e o grupo REDE da [Universidade de Vigo](#), integrado por membros de ECOBAS.

>>> [RECURSOS PARA A BÚSQUEDA DE OPORTUNIDADES DE TRANSFERENCIA](#)

- [Plataforma-buscador CONTRATOS PÚBLICOS DE GALICIA](#)
- [Plataforma de CONTRATACIÓN DEL SECTOR PÚBLICO - Gobierno de España](#)
- [TED - website for business opportunities with #PublicProcurement in the EU](#)



»» I CICLO DE FORMACIÓN EN LIÑA WEB OF SCIENCE (WOS)

**3 a 5
XUÑO
14:00 H**

Organizado por FECYT en colaboración con Clarivate. Estas sesións, de 60 minutos de duración, están dirixidas a estudantado, persoal investigador e persoal bibliotecario.

Sesións:

- Luns 3 de xuño de 14:00 a 15:00 horas

Las revistas de la Colección Principal de Web of Science (nivel básico). [Inscripción](#)

- Martes 4 de xuño de 14:00 a 15:00 horas

El significado del factor de impacto y otras métricas en JCR (nivel básico). [Inscripción](#)

- Mércoles 5 de xuño de 14:00 a 15:00 horas

Leer el perfil de una revista en Journal Citation Reports (nivel avanzado). [Inscripción](#)

Para asistir ás sesións cómpre rexistrarse co correo electrónico institucional, proporcionando os datos persoais correctos, xa que serán os que aparecerán no certificado de asistencia.

As persoas inscritas recibirán un correo de confirmación das sesións nas que se apunten, cunha ligazón para a configuración do WebEx no seu equipo.

»» [THE MSCA DOCTORAL NETWORKS 2024 CALL IS OPEN](#)

**Doctoral Networks
CALL 2024**

Opening:
29 • 04 • 2024

Deadline:
27 • 11 • 2024


Budget
€608.6 million

MSCA
Marie Skłodowska-Curie **Actions**
Developing talents, advancing research

European Commission

[Next Postdoctoral Fellowships 2024 call: 6 steps to prepare your application](#)

- 160 excellent doctoral programmes
- Skills & careers of 2400 PhD candidates
- Apply by 27/11



>>> PREPARACIÓN E XESTIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS E FACILITAR A ATRACCIÓN DE TALENTO INTERNACIONAL 2024



As axudas obxecto desta convocatoria perseguen o reforzamento das estruturas e os coñecementos necesarios para a promoción, preparación, apoio e xestión de proxectos internacionais co fin de mellorar as posibilidades de participación en proxectos do Programa Marco de I+D+i da Unión Europea (Horizonte Europa).

As convocatorias valorarán o esforzo incremental de participación das entidades nas convocatorias de Horizonte Europa en termos de coordinación de proxectos e de fondos retornados, así como a capacidade de involucración doutras entidades españolas.

Asimismo, esta convocatoria persegue facilitar os procesos de atracción de talento internacional mediante o reforzamento das estruturas administrativas das institucións de I+D, dotándoas de ferramentas para a captación de persoal investigador ou técnico internacional, a súa incorporación e a súa consolidación.

O período de execución da actividade obxecto da axuda abarca os anos 2025 e 2026.

- Plazos de solicitude: 16/05/2024 - 05/06/2024
- [Ver convocatoria](#)

>>> ISPGAYA INTERNATIONAL CONGRESS 2024 - BUSINESS SUSTAINABILITY: INNOVATION IN ENTREPRENEURSHIP AND INTERNATIONALISATION

O investigador de ECOBAS **Miguel G. Loureiro** forma parte do comité científico da terceira edición deste Congreso, que terá lugar en Vilanova de Gaia os días 24 e 25 de outubro de 2024.



- Call for papers: ata o 31 de maio 2024
- [Web oficial do congreso](#)

>>> INTERNATIONAL BUSINESS IN A DIGITAL WORLD: CHALLENGES AND OPPORTUNITIES



A Universidade de Évora organiza a **19th Iberian International Business Conference** os días 11 e 12 de outubro de 2024. Intelixencia artificial, ciberseguridade e a soberanía dos datos serán os eixos temáticos fundamentais deste congreso sobre transformación e oportunidades na internacionalización dos negocios.

- Call for papers: ata o 15 de xullo 2024
- [Máis información na web do congreso](#)

FINANCIAMENTO



>>> AXUDAS PARA CONTRATOS PARA A FORMACIÓN DE DOUTORES E DOUTORAS EN EMPRESAS E OUTRAS ENTIDADES (DOUTORANDOS INDUSTRIAIS) 2024



- Prazo de solicitude: 23/04/2024 - 04/06/2024
- Beneficiarias: as empresas, entre as que se inclúen as «spin-off» e “Jóvenes Empresas Innovadoras”, entidades privadas sen ánimo de lucro y administracións públicas que nos seus estatutos ou na normativa que as regule ou no seu obxectos social non teñan a I+D+i entre os seus fins nin como actividade a desenvolver, e que deberán poder desenvolver un proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental destinado á transferencia de coñecemento. [Ligazón á convocatoria](#).

>>> AXUDAS Á MOBILIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR (USC)

Convocatoria para co-financiar os **desprazamentos fóra de Galicia de persoal investigador ou persoal de apoio á investigación vinculado á USC**, que non conten con outra fonte de financiamento que se realicen ou que tivesen lugar entre o 01 de xaneiro de 2024 ata 30 de novembro de 2024 co fin de:

- Participar activamente en congresos científicos nacionais ou internacionais.
- Realizar estadias curtas para actividades de investigación.

-Asistir e participar en actividades formativas de curta duración, relacionada co posto de traballo.

O prazo para as solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro de 2024, salvo no caso de que o orzamento se esgote en data anterior.

- [Ligazón á convocatoria](#)
- [Descarga do anexo I](#)
- [Descarga do anexo II](#)

>>> AXUDAS PROPIAS Á INVESTIGACIÓN 2024 (UVIGO) PRAZO: ata o 31/05/24

Convocatoria de axudas propias da UVigo para potenciar o desenvolvemento de **actividades de investigación colaborativas entre grupos de investigación** que axuden a desenvolver as liñas estratéxicas da Universidade, así como a transferencia dos resultados no ámbito nacional e internacional.

Modalidade A - Promoción da Investigación

- A.1.- Contratos programa con grupos de investigación.
- A.2.- Preparación de proxectos internacionais de I+D+i
- A.3.- Reparación de equipamento científico
- [Ligazón á convocatoria](#)

Modalidade B - Reunións científicas

- B.1.- Org. de congresos e reunións científicas
- B.2.- Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas
- B.3.- Visita de investigadoras e investigadores

>>> SUBVENCIONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROMOCIÓN E IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE EN ESPAÑA

Entidade convocante: Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030

Publicado en: Boletín Oficial do Estado

Prazo: **07/06/2024** (*consultar prazos e procedementos internos nas universidades do SUG)

[Ligazón á Orde da convocatoria](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> PREMIO VANGARDA DA CIENCIA 2024

Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h.**

LAVANGUARDIA

- [Ligazón ás bases](#)

>>> PREMIOS “DOCTORA DE ALCALÁ”

Co patrocinio de Cantabria Labs, a Universidade de Alcalá convoca este certame para recoñecer tanto a incipiente pero firme e ambiciosa labor investigadora das mulleres máis xóvenes, como a sólida traxectoria de investigadoras con máis experiencia. Se establecen dúas categorías:

- Premio “Doctora de Alcalá” a xóvenes investigadoras. Dotación de 5.000 euros.
- Premio “Doctora de Alcalá” a excelencia investigadora. Dotación de 20.000 euros.

Universidad de Alcalá

cantabria labs
SPAIN

- [Ligazón ás bases](#)
- **Prazo** presentación candidaturas: **31 maio 2024**



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

